

*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados entre persoal funcionario docente do corpo de mestres (código de procedemento ED012A)*

Mediante Orde do 4 de outubro de 2022 foi convocado concurso de traslados entre o persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (código de procedemento ED012A) (DOG n.º 196, do 14 de outubro).

A base vixésimo novena, sobre resolución provisional do concurso, establece que unha vez recibidas na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades as actas da Comisión de Avaliación, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme ás peticións e méritos das persoas participantes, á adxudicación dos destinos e faranse públicos mediante resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal/](http://www.edu.xunta.gal/)).

Na súa virtude e de conformidade co que antecede, esta dirección xeral

## RESOLVE

Primeiro. Adxudicar e facer público na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal/](http://www.edu.xunta.gal/)), o destino provisional ao persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas nos centros ou sedes que alí se especifican.

Segundo. Aprobar e facer público na páxina web desta consellería a relación provisional de persoas excluídas con especificación das causas que se indican.



Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo establece a base trixésima da Orde do 4 de outubro de 2022, o persoal concursante poderá presentar reclamacións por medios electrónicos mediante o trámite incardinado no procedemento ED012A para este efecto na Carpeta cidadá no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da dita resolución na páxina web desta consellería.

Cuarto.- Así mesmo, de conformidade coa base trixésima da Orde do 4 de outubro de 2022, o persoal concursante poderá presentar renuncia de participación por medios electrónicos mediante o trámite incardinado no procedemento ED012A para este efecto na Carpeta cidadá no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da dita resolución na páxina web desta consellería.

Esta renuncia afectará a todas as peticións e especialidades consignadas na súa solicitude de participación.

A renuncia deberá realizarse tamén, dentro deste mesmo prazo na páxina web do concurso ([www.edu.xunta.gal/cxt](http://www.edu.xunta.gal/cxt)) na lapela habilitada para estes efectos.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obteñan destino nesta resolución de adjudicación provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva, cos efectos previstos na base trixésima primeira da Orde do 4 de outubro de 2022 relativa á resolución definitiva.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

